



SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
26 - MARZO - 2008

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.
- 2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.
- 3.- NOVACIÓN DE PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO 1/01 E 1/06.
- 4.- REVISIÓN PREZOS CONTRATO LIMPEZA EDIFICIOS PÚBLICOS.
- 5.- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR DONA. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, CONTRA O ACORDO PLENARIO ADOPTADO O 6 DE FEBREIRO DE 2008.
- 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:
 - 6.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELEIROS DELEGADOS.
 - 6.2.- MOCIÓNS.
 - 6.3.- ROGOS E PREGUNTAS.


Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteseis de marzo de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D^a. LAURA LAGO ALLER, D^a. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D^a. ISABEL CASTRO PIEDRAS, D^a. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, D^a. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D^a. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D^a. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, D^a. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

A concelleira Sra. Lago Aller se incorpora á sesión, durante o debate do punto nº 3 dos da Orde do Día.

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

[Handwritten signature]

Serie A N.º 1503964

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo vinte votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG, e 2 do PG), acorda prestar aprobación ao acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 27 de febreiro de 2008.-

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.-

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- 6/08, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 25.02.08, mediante incorporación de remanentes de crédito (con financiamento afectado) ao orzamento prorrogado do Concello de Redondela para o ano 2008, por importe de 33.261,60 euros.

- 7/08, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 27.02.07, mediante xeración de crédito por importe de 8.044,31 euros.

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, dase por enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.-

3.- NOVACIÓN DE PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO 1/01 E 1/06.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 13 de marzo de 2008, que transcrito di:

" Vista a proposta da Alcaldía, de data 12 de marzo que transcrita di:

"Vistos os destinos do préstamo a longo prazo 1/01, por importe de 727.224,65 euros, asinado o día 04.10.01 co Banco Español de Crédito, S.A. (Banesto).

Vistos os destinos do préstamo a longo prazo 1/06, por importe de 1.000.000,00 de euros, asinado o día 30.10.06 co Banco de Crédito Local, S.A. (BCL).

Tendo en conta que entre as finalidades do préstamo 1/01 figuraban 300.506,05 euros para "Expropiacións zona industrial", existindo a día 30.12.07, crédito non gastado por importe de 210.571,05 euros.

Tendo en conta que entre as finalidades do préstamo 1/06 figuraban 160.000,00 euros para "Urbanización Cubillón", existindo a día 30.12.07, crédito non gastado por importe de 160.000,00 euros.

Considerando preciso contar con crédito destinado á adquisición de terreos en Santo Estebo de Negros por importe de 94.689,52 euros.

Considerando preciso contar con crédito destinado á realización das obras de abastecemento e saneamento en Vilar, por importe de 270.000,00 euros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:



Primeiro.-

Novar parcialmente o préstamo a longo prazo 1/01 asinado o día 04.10.01 co Banco Español de Crédito, S.A. (Banesto) destinando 94.689,52 euros á adquisición de terreos en Santo Estebo de Negros; e 115.881,53 euros ás obras de abastecemento e saneamento en Vilar (cambiando integramente o destino dos 210.571,05 euros dispoñíbeis para as "Expropiacións zona industrial").

Segundo.-

Novar parcialmente o préstamo a longo prazo 1/06 asinado o día 30.10.06 co Banco de Crédito Local (BCL) destinando 154.118,47 euros ás obras de abastecemento e saneamento en Vilar (cambiando parcialmente o destino dos 160.000,00 euros dispoñíbeis destinados á "Urbanización Cubillón").

Terceiro.-

Incluir no correspondente expediente administrativo de modificación de crédito mediante incorporación de remanentes no orzamento prorrogado do Concello de Redondela para o ano 2008 os créditos citados para as novas finalidades".

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE (4), do BNG (1), a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do Grupo Municipal PG (1) dictaminou favorablemente a proposta da Alcaldía antes transcrita."

INTERVENCIONS.-

A concelleira señora Canal Gómez dí que apoian a proposta pero queren por de manifesto a falta de coherencia e eficacia que ten o goberno municipal no tocante á xestión de fondos públicos dado que nin siquera se aprobou o orzamento para o presente exercizo.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que non entende a postura do PP posto que se o tema lle parecera unha chapuza o seu grupo non lle daría xamais o voto a favor. Considera que é contradictorio.

O concelleiro señor González Iglesias dí que este asunto non ten nada que ver co orzamento e pide á voceira do PP que explique que é o que ela faría e por qué vai a votar a favor.

A concelleira señora Canal Gómez dí que ninguén ten que dicirlle ao PP o que teñen que dicir ou votar. Lle parece que o goberno ten pouca previsión e por iso están constantemente a facer modificacións tal e como lles advirte sempre o interventor. Apoian a proposta porque a consideran positivamente posto que se van a facer investimentos no Concello pero iso non impide que teñan unha postura crítica co goberno, no que ao BNG non lle queda máis que render pleitesía ao PSOE.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as, sendo vinteún votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do B.N.G., e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

166

Serie A N.º 1503965

4.- REVISIÓN PREZOS CONTRATO LIMPEZA EDIFICIOS PÚBLICOS.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 13 de marzo de 2008, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía, de data 22 de febreiro que transcrita di:

"Con data 31-10-2006 formalizouse contrato con D. ALFONSO REGUEIRO COSTAS, en representación de VIGUESA DE LIMPIEZAS ALMI, SL, para prestación do servizo de limpeza en edificios municipais, con arranxo ás disposicións contidas no prego de cláusulas administrativas que serviron de base ó concerto convocado para a devandita contratación.

De acordo coa base quinta dos pregos, a súa duración é de dous anos prorrogables ata completar un máximo de catro anos, establecéndose na base 17ª a forma de pago e actualización do prezo do contrato co seguinte tenor:

"O prezo revisarase anualmente previa petición do adxudicatario e en función das variacións que experimente o índice de prezos ó consumo, ou índice que o substitúa da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como inicial o correspondente á data de iniciación do servizo e como final para para cada revisión o último aprobado aínda que sexa provisoriamente".

Visto os escritos presentados pola empresa adxudicataria o 04.01.08 e 21.01.08, ó que incorporan certificación do INE referido o IPC da nosa comunidade autónoma do período novembro 2006 - novembro 2007, que reflicte un incremento do 3,9%, solicitando o aumento do prezo do contrato a partir do 1.11.2007.

Vistos os informes de intervención e secretaría

Esta alcaldía PROPÓN ó concello pleno a adopción do seguinte acordo:

Acceder ó solicitado autorizando o abono das facturas mensuais emitidas polo adxudicatario con posterioridade o 01.11.2007 co incremento correspondente do IPC, que, de acordo coa certificación indicada na parte expositiva, ascende o 3,9%".

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE (4), do BNG (1), e do Grupo Municipal do PP (3), e a abstención do Grupo Municipal PG (1) dictaminou favorablemente a proposta da Alcaldía antes transcrita."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as, sendo vinteún votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do B.N.G., e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-



5.- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR DONA. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, CONTRA O ACORDO PLENARIO ADOPTADO O 6 DE FEBREIRO DE 2008.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Interior de data 14 de marzo de 2008, que transcrito dí:

" Antecedentes.-


Proposta da Alcaldía de data 13 de marzo de 2008, que transcrita dí:

"Visto o recurso de reposición formulado por DONA. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, no seu propio nome e na súa condición de voceira do grupo municipal do Partido Popular de Redondela, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello con data 6 de febreiro de 2008, relativo ao convenio urbanístico do futuro polígono industrial de A Rufana.

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, 16/2008, de data 11 de marzo, que transcrito dí:

"Visto o recurso presentado e a normativa de aplicación, teño a ben informar:

1. O recurso foi presentado en tempo e forma e no mesmo se fai constar expresamente que non se solicita a suspensión cautelar da execución do acto administrativo impugnado para os efectos do previsto no artigo 111 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publicada no BOE do 27 de novembro e modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, publicada no BOE do 14 de xaneiro (LRXAP).
2. Con respecto á lexitimación cómpre suliñar que o artigo 63.1 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local publicada no BOE do 3 de abril e modificada pola lei 11/1999 de 21 de abril e pola lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local. (LBRL), dispón que xunto aos suxetos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais que incurran en infracción do ordenamento xurídico **os membros das corporacións que votaran en contra de tales actos e acordos**. No caso que nos ocupa e cinguíndonos ao acordo adoptado, tal e como se reflexa no acta correspondente á sesión celebrada o 6 de febreiro de 2008, aprobada o 12 de febreiro, o acordo que agora se recorre foi aprobado cos votos a favor de 13 concelleiros (8 do PS de G-PSOE, 3 do BNG e 2 do PG) e 8 abstencións (dos concelleiros do PP) polo que ao non votar en contra do devandito acordo non se atoparía a asinante do recurso lexitimada para impugnalos. Tal circunstancia abundaría para que por parte do pleno do Concello se resolverse, no seu caso, rexeita-lo recurso de reposición presentado sen entrar no fondo do asunto.
3. Nembargantes o citado recurso prantexa e indica que por parte do Alcalde, como presidente da sesión, se lles privou do seu dereito a emitir o seu voto posto que aproveitou un momento de confusión xenerado pola disputa verbal entre él mesmo e un concelleiro para realizar o chamamento a votación sen que dita circunstancia fora advertida polos concelleiros do grupo municipal do PP. A partir de ahí se invoca a nulidade de pleno dereito da resolución impugnada por infracción do artigo 62 da LRXAP na súa relación cos artigos 94.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publicado no BOE do 22 de decembro, e 31 do Regulamento Orgánico do Concello (RO), publicado no BOP do 12 de xuño de 2000. En concreto a nulidade derivaría por ter sido un acto dictado prescindindo das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados e por vulnerar o dereito de participación política recoñecido no artigo 23 da Constitución.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 1503966

4. Como queda dito e reflexo do que aconteceu na sesión de referencia contense na acta correspondente e na mesma se indica que un concelleiro do PP pediu ao Alcalde *por dúas veces intervir por unha cuestión de forma invocando o artigo 34 do Regulamento, respóstandolle o Alcalde que non procede.* Finalmente, se volve a sinalar que o mesmo concelleiro *pide novamente intervir por unha cuestión de orde esixíndolle reiteradamente ao Alcalde que cumpra regulamento neste punto. O Alcalde fai caso omiso do anterior e somete o asunto a votación.* O feito de que, efectivamente, a situación dera lugar a certa confusión non supón que a votación non se levara a cabo votando a maioría dos concelleiros a favor, do cal deu fe a asinante, aínda que os concelleiros do PP non votaran, circunstancia prevista no artigo 46 1 d) da LBRL.
5. Hai que ter tamén en conta que na citada sesión o concelleiro invocaba para intervir o artigo 34 do RO que expresamente indica que *os funcionarios responsables da Secretaría e a Intervención, ou calquera outro que con tal fin estea presente na sesión plenaria poderán intervir cando así llo requira o Alcalde ou calquer concelleiro, co permiso do Alcalde, para aclarar ou informar sobre algún asunto que precise asesoramento técnico.* De tal normativa dedúcese que queda en certo modo ao arbitrio do Alcalde decidir a procedencia ou non da consideración do previsto no devandito artigo con independencia de que, na dúbida, e sempre que non se dea unha situación obxectiva de abuso de dereito, debería resolverse a favor da mellor eficacia do dereito fundamental á participación política invocado no mesmo recurso de reposición.
6. En calquer caso, con esta perspectiva, tampouco se darían as circunstancias determinantes da nulidade que se preven no artigo 62.1.e) da LRXAP (prescindir das regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados). A xurisprudencia ten matizado este suposto clarexando que para que se dea non se necesita que se prescinda da totalidade das regras nin abonda con obviar algunha delas senón que concorre nulidade cando a regra da que se prescindiu ten carácter esencial., como, por exemplo, defectos na convocatoria que producen total indefensión ou falta de quorum ou circunstancias que cheguen a desvirtuar totalmente a votación producíndose un resultado que non reflexa a vontade do órgano. Neste último caso e posto que 13 concelleiros dos 21 presentes votaron a favor do acordo, cabe afirmar que a votación non quedou desvirtuada polos motivos aducidos no recurso presentado.

A vista do que antecede, a asinante conclue que non se dan as circunstancias legais que conduzan á estimación do recurso de reposición presentado por parte da Corporación. Nembargantes é o pleno do Concello, ao abeiro do artigo 117 2 da LRXAP, o que debe decidir sobre o mesmo, notificando a resolución no prazo de un mes dende a súa interposición."

Á vista do informe transcrito, esta Alcaldía á Comisión Informativa de Interior, ten a ben propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por DONA. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, no seu propio nome e na súa condición de voceira do grupo municipal do Partido Popular de Redondela, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello con data 6 de febreiro de 2008, relativo ao convenio urbanístico do futuro polígono industrial de A Rufana."

Intervencións.-

(...)

Votación e dictame.-

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo sete votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG, e 1 do P.G), e catro votos en contra (4 do PP), estimou oportuno dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos antecedentes transcrita, e na súa consecuencia propoñer ao Concello Pleno, a desestimación do recurso de reposición formulado por D^a. Francisca Canal Gómez, no seu propio nome e na súa condición de voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Redondela, contra o acordo plenario adoptado o 6 de febreiro de 2008, relativo ao convenio urbanístico do futuro polígono industrial de A Rufana.-"



INTERVENCIONS.-

A concelleira López Rodríguez dí que eles xa expuseron no pleno do 6 de febreiro que estaban totalmente de acordo en xerar tecido industrial en Redondela e en que Xestur leve adiante a xestión do polígono. Nembargantes lles parece grave que non se respeten os dereitos dos concelleiros a participar no pleno e a votar no mesmo. Indica que o asunto se truxo ao pleno despois de levalo a unha comisión informativa nesa mesma mañá polo que non tiveron tempo de estudialo aínda que no Concello de Mos se levara a pleno xa hai tempo. O grupo popular consideraba que no expediente faltaban informes xurídicos e era preciso recabar in situ o informe da Secretaría pero o Alcalde denegou esta posibilidade chamando á votación sen que, no medio da confrontación verbal, os concelleiros deste grupo se percataran da mesma. Tamén sinala que o Alcalde suprimiu unilateralmente o punto de rogos e preguntas e que, de todos modos, se consideran satisfechos porque estima que o acordo proposto se mellorou ao incluírse a precisión de que se priorizarán ás empresas de Redondela aparte das de Mos.

O concelleiro señor Bastos Fernández dí que o grupo galeguista votou a favor do asunto debatido no pleno porque están a favor de que se leve adiante o polígono industrial. Pero sulíña que iso non comporta que estean de acordo en que o Alcalde non deixara falar a un compañeiro da corporación e non debería volver a suceder. Vanse abster no presente asunto, pero considera que teñen parte de razón.

O Sr. Alcalde matiza que para a aprobación do citado punto non se precisaba informe de Secretaría.

O concelleiro señor Pazos Docampo indica que como é unha cuestión xurídica e o informe de Secretaría bota abaixo o recurso, non lle parece que sexa necesario darlle máis voltas.

O concelleiro señor González Iglesias dí que non entendía por qué o PP montara o lío no pleno do 6 de febreiro, pero agora cae na conta de que o que pensaban é que era necesario un informe xurídico aínda que, según quedou patente, o acordo non era ilegal. Sinala que a ninguén se lle atou as máns para que non votara e pensa que ao mellor ao PP molestáballe que saíra algo que non saliu antes aínda que o seu partido gobernou na Xunta 16 anos. Indica que parece que lles fastidia que se materialice o polígono industrial en Redondela.

A concelleira señora López Rodríguez dí que no seu intre manifestaron claramente que estaban de acordo coa creación do polígono e a súa xestión por Xestur, pero o que queren sobre todo co recurso é que se respete o seu dereito a formular unha cuestión de orde dado que no pleno se estaba a modificar a proposta da comisión sobre o convenio e consideraban necesario que a Secretaría dera o seu parecer sobre a legalidade de tal modificación.

O Sr. Alcalde sinala que quen pon os cartos para o desenvolvemento do solo industrial é a Xunta de Galicia.

A concelleira señora López Rodríguez matiza que a Deputación tamén ten participación en Xestur.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, e 3 do B.N.G.), oito votos en contra (8 do P.P), e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Interior, nos antecedentes transcrito.-

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

6.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.-

O Concello Pleno dase por enterado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día ó 23 de febreiro ao 18 de marzo de 2008.-



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 1503967

6.2.- MOCIÓN.-

No presente punto da Orde do Día, non se tratou moción algunha.-

6.3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

- O concelleiro señor García Luengo pregunta pola situación na que se atopa o tema do local para uso polos grupos políticos da corporación, respostándolle o Sr. Alcalde que se está a resolver.

- A concelleira señora Canal Gómez formula as seguintes preguntas:

* Sobre a conexión de Redondela coa autovía A 57 e a alegación presentada polo Concello por un acordo da Xunta de Goberno na que se pedía un desprazamento cara o Leste. Pregunta exactamente hacia onde.

O Sr. Alcalde resposta que él sempre deixou claro que defende a alternativa 5 e que os cambios que se poidan propor, de producirse, teñen que reflexarse no proxecto e ser obxecto de informe ambiental. Sinala que tratarán de salvar tódalas casas que poidan.

* Sobre o enlace coa N 550 polo Norte.

O Sr. Alcalde dí que como na alternativa 5 hai previstas entradas e saídas en Reboreda e nos Valos, consideran necesaria unha saída na zona norte, polo Viso ou cerca de Soutomaior. Nembargantes e dado que non é enxeñeiro estima que haberá propostas e eles terán que opinar.

* Sobre as razóns polas que o Concello apoiou a alternativa 5 no lugar da 11 que ao parecer ten moito menos impacto.

O Sr. Alcalde dí que a súa postura sempre estivo clara e nunca andiveron a escapar. Pídelle á concelleira que formule as súas preguntas por escrito.

* Sobre cándo se va a convocar o Consello Forestal Municipal.

O concelleiro señor Pazos Docampo di que se ven de recibir a designación dos representantes que non son membros da corporación, en concreto das Comunidades de Montes.

* Sobre a convocatoria dos consellos parroquiais e da comisión de servizos privatizados.

Ante as continuas interrupcións por parte do público presente na sala, o Sr. Alcalde decide levantar a sesión sen rematar o punto, sendo as vinteunha horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 164 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1503963 ata o folio núm.168, Serie A nº 1503967, e todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL